

Circular informativa. Curso 2018-2019

M. Angeles Fernández Sotelo

Departamento de Estatística, Análise Matemática e Optimización

Facultade de Matemáticas. Universidade de Santiago de Compostela

Tfno: 881813210. Correo electrónico: mangeles.fernandez.sotelo@usc.es

Estimadas/os compañeiras/os:

Póñoome en contacto con todos como directora do Grupo de Traballo de Matemáticas Aplicadas ás Ciencias Sociais II, dicirvos que estou á vosa disposición para calquera información que precisedes, así como para calquera suxestión que queirades facer.

Cara o novo curso, comentar que todo será similar ao curso pasado e que se manteñen as informacións referentes ao programa da materia polo que seguen sendo as mesmas tamén as informacións relativas a:

- Orientacións xerais
- Criterios xerais de avaliación
- Modelo de exame

No documento “Orientacións xerais” tratamos de orientar tanto ao profesorado como ao alumnado sobre os coñecementos mínimos que se deben alcanzar nos distintos bloques que se avaliarán.

No documento “Criterios xerais de avaliación”, aparecen as puntuacións dos exercicios de cada bloque, habendo un exercicio de Álgebra, un de Análise e dous de Probabilidade e Estatística. Sería conveniente que comentedes coas/cos alumnas/os os Criterios xerais de avaliación da proba e tamén informalas de que se resolven exercicios das dúas opcións, só se avaliarán os exercicios da opción que correspondan ao primeiro exercicio que respondan.

Pódense utilizar calculadoras científicas non programables e sen capacidade gráfica e todos os procesos conducentes á obtención de resultados deben estar razoados.

O “Modelo de exame” proposto e indicativo tanto do contido a avaliar como do tipo de exame.

De novo reitero, non dubidedes en contactar comigo ou con algún membro do grupo de traballo para calquera aclaración.

Recibide un saúdo moi cordial.

Santiago de Compostela, Novembro de 2018